

COMUNICADO Nº6

Asunto: Eventos fin de curso

Queridas familias:

En primeiro lugar, esperamos e desexamos de corazón, que todos vós así coma todos os vosos seres queridos esteades ben e levando esta situación do mellor xeito posible. Tamén achegar o noso cariño e as nosas oracións a todas aquelas familias que perdestes a un ser querido por mor desta situación.

Nos vindeiros días recibiredes outro comunicado sobre aspectos académicos que, como podedes ver e escoitar nos distintos medios de comunicación, estanse a valorar estes días. Nestes intres estase a redactar, por parte do Goberno a Orde que recolle estes aspectos e, unha vez que a nosa Consellería de Educación oficialice as medidas a tomar informaremosvos de todos os aspectos relevantes.

O equipo directivo do centro, reunido esta mañá, quere achegarvos diferentes decisións que tomou na reunión celebrada no día de hoxe e que son de especial interese para as nosas familias:

1. No día de onte procedeuse á devolución dos pagos feitos polas familias dos diferentes servizos complementarios (comedor, acollida temperá) así como dos Grupos Divino Maestro polos servizos non prestados a partires do 13 de marzo. No caso das demais actividades extraescolares que non están xestionadas polo centro senón por as entidades ou empresas colaboradoras (Club Depordima, Roller Ourense, Play Code Academy, Nenoos) trasladouse a estas o criterio do centro de devolver os importes correspondentes ao medio mes de marzo e seguintes meses que se houberan feito efectivos segundo as diferentes modalidades de pago de cada actividade. (En caso de non cumprirse estes aspectos nalgún caso prego que o comuniquedes a administracion@dimaourense.com).
2. Quedan suspendidas, polos motivos coñecidos por todos/as, as actividades que polo noso carisma viñamos realizando a final de curso (excursións, gradacións, festivais, verbena ...) coas condicións/excepcións que se expoñen a continuación:
 - a. A excursión de fin de etapa de primaria a Madrid, pola carga emocional que ten para o noso alumnado e as características propias da actividade (pechar seis anos de convivencia e experiencias) , é a nosa intención desenvolvela no primeiro trimestre do vindeiro curso sempre que este permitido polas autoridades competentes. A esta excursión so poderían asistir os alumnos/as que estean este ano en 6º EP e o ano que ven sigan no noso centro educativo. No caso de que algunha familia decida libremente que non quere asistir á excursión nestas condicións deberá

poñerse en contacto con titor pola plataforma Esemtia e deste xeito solicitar a devolución das cantidades satisfeitas ata este intre.

- b. O Camiño de Santiago, por ser unha experiencia cristián única que sempre quixemos que o noso alumnado levara impreso no seu interior, terá lugar no mes de setembro, sempre que as autoridades competentes o permitisen, antes do inicio das clases xa que moitos dos alumnos/as xa non estarían no noso centro. Lembremos que esta actividade sería para o alumnado que este ano cursa 3º e 4º Secundaria.
- c. A gradación do alumnado de 4º ESO terá lugar en setembro, despois do Camiño de Santiago, sempre que as autoridades competentes permitiran a súa celebración. Todo o claustro de profesores/as temos claro que estes alumnos/as despois de tantos anos e tanta implicación co noso centro non poden marchar sen este acto.
- d. A gradación do alumnado de 2º FPB terá lugar en setembro, sempre que as autoridades competentes permitiran a súa celebración, para poñer fin a estes dos anos de formación e convivencia.

Sen outro particular recibide de parte do equipo directivo unha forte aperta.

Ourense, 17 de abril de 2020

O director

Álvaro Cid Bragado